

NOTA LIMIAR A ESTA EDICIÓN

Van aló trinta anos menos catro meses desde este mangado de *Prosas de combate e maldicer*, escolmadas daquela por Pancho Pillado, fora dado ao prelo para inaugurar as publicacións da recién constituída editorial *Laiovento*. Agora, os meus camaradas na tripulación desa ousada 'nao senlleira', deseñada a proba de galernas anticulturais, acordaron reeditalo co gallo do trinta aniversario da editorial: moito lles estimo o agarimo e a honra que me fan.

Debo confesarvos que agora só relín algunhas delas, ao chou. Abondo, porén, para me solprender de atoparme con alguén en quen apenas me recoñezo. Non sei se será por mor da *force de l'âge* que latexa nelas, hoxe obviamente extinguida, ou porque se naquel contexto era eu ás veces tan crítico e mordaz, cómo tería que o ser hoxe fronte ao brutal proceso de involución en curso, tal como se a historia dése en camiñar a recú: emerxencia de metamorfoses varias do fascismo no centro do sistema-mundo; acceso de consumados delinquentes impunes ao vértice da pirámide política en poderosos estados disque democráticos, incluída a metrópole do actual imperio; redución da cidadanía ao rol de inerme súbdita de voraces poderes oligárquicos; volatilización do sistema de valores republicanos outrora instaurados polas dúas sucesivas Ilustracións parteiras da modernidade; conversión dos dereitos humanos nunha entelequia que se invoca tanto máis canto máis son violados; transmutación do 'ruedo ibérico' en manicomio rexido por sátrapas ignorantes; putrefacción do malnado rexime do setenta e oito, con golpistas no cumio do poder xudicial; afamados grupos mediáticos dexenerados en fábricas de retrógrados libelos difamadores; recrudescemento do espolio colonial e aniquilación política da nación galega; xenófoba e xenocida agresión aos *damnés de la terre* alén e aquén os lindes da moi civilizada UE -e suma e segue.

Mais velaí van pesia todo eses escritos meus doutroira e millor será que xulgedes por vós mesmos. Permitídemme só opinar que algúns deles poderían ser escritos, ou re-escritos, hoxendía e retrataren aínda aconteceres ou situacións actuais. No que abre a escolma, *O azar e a necesidade*, sigo a recoñecerme malia o

dito de min mesmo máis arriba. E no que a pecha, “*Mia speranza adorata*”, só me compriría, para sintonizalo co presente ano, substituír o nome de Mozart polo de Beethoven: o estrondo da barbarie volve afogar en Europa os sons da música máis sublime.

Os textos reproducense tal como foron imprentados na primeira edición. Quere dicir que non foron corrixidos nin retocados para axustalos á norma vixente arestora, nin tampouco ás singularidades morfolóxicas do ‘meu’ galego actual. Son produto dunha etapa da miña singladura polo mar alto do noso idioma, no que a miña xeración nunca fora escolarizada. Así escribía eu daquela, e así se repoduz agora para ser veraz. Ao cabo, se algún valor tiveron, e algún conservaren aínda, será polo que expresen, e non polo código empregado na escrita, madia leva.

E para rematar, permitíndeme que me felicite, en irmandade cos meus camaradas editores, cos membros dos consellos editorial e asesor, e máis cos impresores e cos lectores das nosas publicacións, polos trinta anos de singladura de *Laiovento*, e que faga votos por outros tantos de hoxe en diante con remozada tripulación. Herdamos a búsola de Manuel-Antonio para navegarmos sen perder o rumbo: somos un mesmo corazón latexante ‘*o mar, o barco e máis nós*’.

Reboraina de Aguiar, primeiro de outubro do 2020
Xosé Manuel Beiras Torrado

« O que non se decata é un imbécil.
O que se decata, e non actúa, é un criminal».

Bertolt Brecht

*Aos indispensábeis brechtiáns
na historia e no futuro do meu pobo.*

LIMIAR CONFIDENCIAL

Son eu, seguramente, un impenitente conversador por escrito con indefinidos interlocutores. Ao longo da miña vida, dende a adolescencia, levo escrito moreas de páxinas, poucas delas impresas e publicadas a seguida, a maioría incluso desaparecidas ou destruídas despois, por min mesmo ou polo azar, que constituen en realidade unha insólita e anómala correspondencia con interlocutores non identificados nin presentes na imediatez do diálogo. Porén, diálogo éo cáseque sempre o contido desa prosaica literatura de cordel atípica. Escritos adoito suscitados ou provocados por estímulos procedentes de fóra de min mesmo, que tanto poden ser xente coma cousas ou aconteceres. Escritos a traveso dos que eu, ao longo da cotianeidade, percuo involuntariamente debullar, primeira e maiormente pra min mesmo, un proceso de asimilación e matinación decantadora da avolta mensaxe recibida na peneira do pensamento e da sensibilidade. Escritos, con todo, incoercibelmente elaborados sempre de xeito que o texto se dirixe, queira que non, a un interlocutor físicamente ausente e a miudo indefinido, vivo ou morto ou mesmo por nacer, animado ou inerte, singular ou común, individualizado ou plural. Mais que cáseque sempre tomou a palabra, con ditos ou feitos, primeiro ca min, e que cáseque absolutamente sempre retruca ao seu xeito máis ou menos axiña despois de **Ile** eu ter escrito. Eis por qué falo de diálogo e correspondencia verbo deses meus abondosos e maiormente perdidos, destruídos ou inéditos escritos, intrascendentes en calquer outro senso que non sexa ise da interlocución que implícita e teimosamente acobillan.

Dos que chegaron a ver a lus de fóra de min, ou nalgúns casos simplemente pretendérono, por escrito ou por discurso oral, veleiquí vai un mangado dun cento diles máis ou menos. A culpa de que se recollan agora neste volume non é miña: évoló desa anxélica criatura irrepetíbel en sensibilidade estética e diafanidade ética que aniña no cerne do ser humano de nome Pancho Pillado. A il tendes que Ile pedir contas no seu caso, non polo que estes escritos din ou deixan de dicir, poisque niso son eu o único responsábel -se é que responsábel hai algún- senón polo feito de que o digan, ou reiteren, imprintados e por xunto, neste libro.

Hainos, como veredes se ousades lélos, de todas castes, fasquías, humores e tonalidades. Se fose eu persoa capaz de arrepentimento, secadra mesmo me arrepentía de ter sido autor de algún diles. Autor, dixen, e non causa eficiente, pois ésa está sempre no xa mentado interlocutor

oculto. E nil precisamente, non tampouco, nin siquera, no individuo que, con nome ou alcume, ás veces se evoca nalgúns deses escritos como referente. Ou como simple pre-texto.

Se coubera acharlles a todos estes textos enguedellados o sarillo que permitise enfialos nunha urda de tecelán, eu percuraríaos ás agachadas entre as estremas da utopía e do esperpento, ou entre o combate e o maldicer. Se así fôr, estarían xenuinamente no seu sitio como escritos galegos que son. Eis por qué, en percura de abeiro cabo dos nosos ancestros e sen escarño pra ninguén, eu, que endexamáis chegarei a ser poeta, ouso chamalos **prosas de combate e maldicer**. Rudas e prosaicas anqueiras, ámbalas duas, que me ocupan máis do que eu quixer e menos secadra do que compriría aínda pra sobrevivirmos con dignidade como pobo.

Reboraina de Aguiar, un de febreiro do 1991

Índice

LIMIAI CONFIDENCIAL	7
I.- COMBATES	9
1.- O azar e a necesidade	11
2.- Outravolta a vella farsa tráxica	14
3.- Luis Cilia ou a voz da liberdade	16
4.- Carta aberta a Teresa Castelao	19
5.- Dous puntualizacións	22
6.- Carta-réplica a Rodríguez Pardo	24
7.- A desorientación política do BNG - paráfrase desespañolizante sen forma de carta	27
8.- As “terras ociosas” e a lei... do máis forte (Carta aberta a Odón Abad Flores)	32
9.- O un por cento	35
10.- O irresponsábel Beiras (Carta aberta, outravolta, a X.L. Méndez Ferrín)	38
11.- Liberar e independizar	41
12.- Cabeza de vaca	43
13.- Os profetas do non	46
14.- Carta ao eurodeputado Txema Montero	50
15.- Bailar coa española	54
16.- Semente bermella	56
II.- ENCOL DE LIBROS E AUTORES	59
1.- Retorno a Méndez Ferrín	61
2.- James Joyce, ou o esilio interior	66
3.- Nota limiar á tradución de “Os Xustos”	71
4.- Ensaio epigramático encol do ensaio galego actual	74
5.- Pertinencias e impertinencias	78
6.- Fermin Penzol no abreinte	82
III.- ACADEMIA GALEGA	85
1.- Escrito de renuncia ao escano de académico numerario da Real Academia Galega	87
2.- Carta a Carballo Calero, pra lle dar espricacións pola renuncia ao escano da R.A.G.	90
3.- Figuración sen mesturas de D. Xesús Carro García	93

IV.- MALDICERES	99
1.- Martínez e Cia	101
2.- Missiva brevis cheyenne a Manolo Salorio	105
3.- Carta ao director da TVE-G	109
4.- Stalinistas, mussoliniáns e... petimetres	111
5.- O reló de area: Karl Ludwig von Rodericus	116
6.- Ardelle o eixo	120
7.- Felipes, Gerardos e Fernandos (contribución á sátira da animalia política)	123
V.- A ESTRATEXIA DO NACIONALISMO	127
1.- A estratexia do nacionalismo	129
I. - Encol dunha incerta situación	129
II. - ¡Montesquieu, Montesquieu!	133
III. - Frente por frente, o BNG	137
IV - "Hai infernos na memoria..."	143
V - A primacía da dialética	149
VI. - A dialética co entorno: nin doma nin castración	155
VII.- "Modificacións" e coda	161
2.- Discurso de clausura da IIIª Asamblea Nacional do BNG (Asamblea do Carballiño)	166
3.- Solidariedade dos pobos	171
4.- Un proxecto común pra unha Galiza soberana	177
5.- Proxecto común pra nación galega	181
6.- Sonatina pra banda de harmónicas	185
7.- Formación política propia	189
8.- "Decíamos onte..." ¿Dirémolo aínda mañán?	193
VI.- A PORTA PECHADA	197
1.- Hanalfabetos	199
2.- Hanalfabetos, II	203
3.- As razóns dunha iniciativa insólita	206
4.- Os sete contra Tebas	210
5.- A teima dos guerreiros	213
6.- Golpismo larvado	216
7.- Por qué non creo nas convicións democráticas de Manuel Fraga	219
8.- Eu, marxista e leninista	223
9.- O Parlamento non existe	225
10.- Labregos no Obradoiro	229
11.- O coloso de Maroussi	232
12.- A liña de flotación	236

VII.- UNIVERSIDADE	239
1.- Os da Universidade	241
2.- Escrito ao reitor Suárez Núñez	244
3.- Ao César o que é do César: Carta aberta á opinión pública da Galiza sul costeira	245
4.- Carta aberta ao director do "Faro de Vigo"	248
5.- Escrito de demisión como Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	250
6.- A imaxinación ao poder	254
7.- Carta á Ponencia da Comisión de Estatutos da Universidade	259
8.- Carta a un primo	264
9.- 1972 (Carta ao equipo reitoral da Universidade compostelán)	267
10.- O conflito da cátedra de Estrutura Económica	270
11.- Carta ao reitor Pajares	274
12.- Recusatio Universitatis Compostellae	280
13.- Réplica a unhas declaracións do reitor Pajares ao "Faro de Vigo"	284
VIII.- CARTÓN DO PARLAMENTO	289
1.- Salsepodes	291
2.- Otanismo	293
3.- Regreso	296
4.- Regresamos	299
5.- Guerras de investiduras	303
6.- Vós, os adaptados	306
7.- A nova farsa suicida	309
8.- Poder lexislativo e control parlamentario	313
9.- Dereita política e base social galega	317
10.- Democracia como ditadura	321
IX.- SINDICALISMO	327
1.- ¿Salvar a INTG? (Carta aberta a Xosé Luis Méndez Ferrín) ...	329
2.- ¿"Qué facer" ante os problemas da INTG? Sindicalismo, alianza de crises e loita de liberación	333
3.- Os dereitos políticos do proletariado (Carta aberta aos xornalistas)	342

X.- INTERVENCIÓNS PARLAMENTARIAS	345
1.- Debate de investidura de Xerardo Fernández Albor do 16-01-1986 (primeira intervención)	347
2.- Mesmo debate (segunda intervención)	353
3.- Novo debate de investidura de Xerardo Fernández Albor do 20-02-1986 (primeira intervención)	355
4.- Mesmo debate (segunda intervención)	363
5.- Mesmo debate (terceira intervención)	366
6.- Discurso no debate dos Presupostos pra 1986 (exordio).....	367
7.- Debate da crise do goberno Albor, 18-11-1986	371
8.- Escrito ao Presidente do Parlamento de Galiza	377
9.- Discurso no debate dos Presupostos pra 1987 (exordio).....	380
10.- Debate da moción de censura ao Presidente Albor, Setembro, 1987 (primeira intervención)	384
11.- Mesmo debate (segunda intervención)	392
12.- Discurso de presentación do "Proxecto de Lei de bases de medidas urxentes" do BNG	397
13.- Discurso debate investidura Manuel Fraga	400
14.- Mesmo debate (segunda intervención)	413
XI.- ARTIGOS PUBLICADOS, OU DE PUBLICACIÓN FRUSTRADA, NA PRENSA ESPAÑOLA	417
1.- Carta aberta a Matías Cortés	419
2.- Os dinosaurios subsisten	422
3.- Esquerda en crise e periferia europea	425
4.- Nin colonia nin champú: desodorante	430
5.- Carta a Blanca Andreu	433
6.- Pobre Marx	436
EPILOGO TRANSITORIO: "CASUS BELLI"	439
"Mia speranza adorata"	441
ÍNDICE ONOMÁSTICO	445

